

## **A Cámara promove a integración laboral de mozos coa síndrome de Down**

**Ferrol. 06/03/2009.** A Cámara de Comercio de Ferrol sumouse ao programa Emprego con Apoio que promove a Asociación Down Ferrol para permitir a realización de prácticas e posterior inserción laboral de persoas con esta discapacidade.

Esta mañá, o presidente da Cámara, Francisco Cruz, e a presidenta da Asociación Down Ferrol, Patricia Serantes, subscribiron un convenio para concretar esta colaboración co obxectivo de favorecer a integración no mercado de traballo dos usuarios da asociación.

Así, durante un período dun mes, e acompañado dun mediador laboral que lle apoia na súa aprendizaxe, Juan José Castrillón Pérez realizará as súas prácticas nas oficinas da Cámara para aprender as tarefas relacionadas co fotocopiado e dixitalización de documentos.

Concluído o período de prácticas, e conseguidos os obxectivos de formación establecidos, o mozo poderá acceder a un contrato para ocuparse, entre outras funcións, de dixitalizar o fondo documental do arquivo histórico da Cámara.

Os presidentes das dúas entidades asinantes coincidiron en destacar a importancia da inserción laboral para unha completa integración social deste colectivo.

Neste sentido, Francisco Cruz puxo de manifesto o compromiso da Cámara coa xeración de emprego para persoas con discapacidade intelectual, contribuíndo a concienciar ás empresas de que a súa incorporación laboral é posible e non está rifada cos obxectivos de produtividade e crecemento empresarial. Engadiu que, se se buscan perfís laborais adaptados ás súas características, resultan traballadores eficaces, cun alto grao de motivación e entusiasmo.

Pola súa banda, Patricia Serantes agradeceu á Cámara que se facilite a este mozo o acceso a un contrato pero, sobre todo, a posibilidade de que, ao desenvolver o seu traballo nun lugar polo que pasan moitos empresarios, estes poidan cambiar a súa perspectiva e animarse a dar unha oportunidade laboral a outras persoas con esta discapacidade.

